



Punto da orde do día: 18

Informe explicativo do orzamento 2022 de Som Energia

ÍNDICE

Introdución	2
Orzamento Som Energia 2022	2
Cifra neta volume de negocio	3
Venda de Enerxía	3
Outros ingresos	4
Custos de aprovisionamento	4
Gastos salariais	5
Gastos de actividade	6
Tributos	12
Provisións	12
Outros ingresos de explotación	13
Resultado financeiro	13
Conclusión	14

Introdución

O orzamento é un documento estratéxico que busca dar cumprimento aos obxectivos de Som Energia no 2022. Para a súa creación empregáronse moitas hipóteses e expectativas. É, polo tanto, o reflexo do compromiso de Som Energia con todas as persoas nas que impactamos, socias, clientela, grupos locais, provedoras, etc.

Neste documento pretendemos explicar cales son as hipóteses que usamos para poder crear este orzamento e facilitar así a súa comprensión. Cómpre ter en conta que este orzamento se elaborou en xaneiro do 2022 e que, polo tanto, seguro que algunhas hipóteses están desfasadas.

Nota engadida: especialmente neste exercicio, o conflito entre Rusia e a Ucraína tivo un impacto salientable e continuará a afectar as hipóteses empregadas. Tamén incorporamos o peche do 2021 para ter mellores referencias.

Orzamento Som Energia 2022

Concepte	Pressupost 2022	Pressupost 2021	Real 2021	Pressupost 2022 vs 2021	Pressupost 2022 vs Real 2021
Ingressos nets	170.467.283	75.804.934	79.209.828	124,9%	115,2%
Despeses d'aprovisionament	-159.861.578	-68.048.008	-73.923.176	134,9%	116,3%
Marge de comercialització	10.605.705	7.756.926	5.286.652	36,7%	100,6%
Despeses salarials	-4.335.940	-3.920.948	-3.730.610	10,6%	16,2%
Despeses d'activitat	-3.265.711	-1.803.710	-1.515.077	81,1%	115,5%
Tributs	-2.052.853	-1.780.443	804.448	15,3%	-355,2%
Provisions	-150.000	-450.000	-152.947	-66,7%	-1,9%
Altres ingressos	1.109.150	741.138	1.077.906	49,7%	2,9%
EBITDA	1.910.351	542.963	1.770.373	251,8%	7,9%
Amortització	-70.000	-70.000	-62.552	0,0%	11,9%
Resultat financer	-256.402	-74.750	-103.516	243,0%	147,7%
Resultat abans d'impostos	1.583.949	398.213	1.604.305	297,8%	-1,3%

Na visión xeral do orzamento podemos ver que, de entrada, planificamos un ano cun resultado positivo de **1,6 millóns de euros**; unha cifra moi similar á do peche real do ano 2021. Cumprirá ter en conta que partimos dunha situación do mercado moi incerta e que hai que deixar certa marxe de manobra ao ET para xestionar as necesidades da cooperativa.

Cifra neta volume de negocio

O volume de negocio de Som Energia procede principalmente da comercialización de electricidade. Ademais, complementase con ingresos procedentes das compras colectivas de instalacións fotovoltaicas para particulares e da facturación que se realiza ás empresas participadas por servizos prestados.

Venda de Enerxía

Os ingresos de Som Energia baséanse na cantidade de enerxía que agardamos comercializar e das tarifas.

Se nos centramos na cantidade de enerxía, para a realización do orzamento 2022, e dadas as cifras de crecemento experimentadas durante 2021, asumimos un escenario cun crecemento do número de contratos próximo ao 10 %.

Isto tradúcese nunha previsión de facturación de **466.297 MWh** anuais cunha media de **139.000 contratos**. No 2021 facturáronse **433 026 MWh**.

A previsión de vendas por agrupación de tarifas é a seguinte:

Tarifa	2.0 TD	3.0 TD	6.1 TD	Total
Total enerxía kWh	380.733.000	60.904.000	24.660.000	466.297.000
% enerxía	81,7%	13,1%	5,3%	100,0%

A desagregación dos ingresos é a seguinte:

INGRESOS	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Variación €	Variación %
Enerxía	128.687.159	33.480.119	95.207.040	284,4%
Peaxes	15.110.563	13.825.227	1.285.336	9,3%
Contadores	1.440.000	1.189.421	250.579	21,1%
Potencia	24.829.561	26.307.421	-1.477.860	-5,6%
Outros (reactiva, dereitos, etc.)	400.000	400.000	0	0,0%
Bono social	0	446.647	-446.647	-100,0%
TOTAL	170.467.283	75.648.835	94.818.448	125,3%

Ten especial relevancia o crecemento do concepto «Enerxía», claramente afectado pola estimación de prezos á alza do mercado eléctrico para este exercicio.

Outros ingresos

Os outros ingresos, dentro da totalidade da cifra de negocios, supoñen unha participación moi marxinal. Nesta sección contabilizamos principalmente a facturación por servizos prestados ás sociedades participadas (112.000 euros).

Custos de aprovisionamento

Igual que no caso dos ingresos, as variábeis que constitúen o custo do aprovisionamento son *cantidade* (enerxía para comprar) e *prezo*.

A cantidade de enerxía márcana os mesmos factores detallados na estimación de vendas, as hipóteses de crecemento do número de contratos e a estrutura da tipoloxía de contratos. Debemos ter en conta que para poder subministrar esa enerxía deberemos comprar aproximadamente un 17 % máis no mercado diario debido ás perdas sufridas na rede de distribución.

A variábel máis complexa de definir é, sen dúbida, o prezo, xa que interveñen varios elementos, como o apuntamento (hora na que os nosos clientes consumen, xa que o prezo de mercado se fixa horariamente), nivel de cobertura de prezos (cantos MWh temos protexidos con futuros ou contratos bilaterais), prezo agardado do mercado etc. Con todas estas variables, para 2022 prevemos que o custo medio total da enerxía adquirida será de 196 €/MWh. Neste dato tense en conta os PPA con filiais e futuros contratados no 2021 para o 2022.

CUSTO APROVISIONAMENTO	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Variación €	Variación %
Enerxía	113.536.337	26.322.513	87.213.824	331,3%
Peaxes	22.072.027	13.828.653	8.243.374	59,6%
Contadores	1.440.000	1.189.421	250.579	21,1%
Potencia	22.413.213	26.307.421	-3.894.208	-14,8%
Outros (reactiva, dereitos, etc.)	400.000	400.000	0	0,0%
TOTAL	159.861.578	68.048.008	91.813.570	134,9%

Gastos salariais

Se tomamos como custo de referencia o gasto efectivo 2021 (3 730 610), no ano 2022 hai un incremento previsto de 605 330 €, explicados por tres variables:

1. 227 441 euros corresponden á actualización salarial (segundo o incremento do IPC do 6,1 %), aplicada en xaneiro do 2022 a todo o equipo técnico.
2. 27 425 euros son a previsión de gastos derivados da aplicación do teletraballo nas persoas do equipo técnico que está previsto que se adhiran a esta modalidade.
3. 350 464 euros están relacionados coas novas incorporacións previstas no equipo técnico durante o 2022, así como cos cambios na escala salarial das persoas actualmente contratadas no equipo técnico (persoas que, pola súa antigüidade, cambian de rango salarial e que, polo tanto, consolidan un soldo superior).

	Orzamento	Real	Orzamento
	2022	2021	2021
FTE (Full Time Equivalence)	103,7	95,53	95,56
Variación FTE	8,55%	18,07%	18,11%
Masa salarial	4.335.940	3.730.610	3.920.948
Variación masa salarial	16,23%	15,36%	21,24%
Custo bruto medio	41.812	39.052	41.031
Variación Custo bruto medio	7,07%	-2,30%	5,07%

Gastos de actividade

Á hora de estimar os gastos de explotación para 2022, un dos principais inconvenientes que atopamos é a incerteza da situación económica na que nos atopamos.

Aplicáanse dúas partidas ao fondo de educación, formación e promoción. Estes gastos son o custo da Escola Som Energia e da nova Aula popular, actividades que encaixan perfectamente na finalidade do Fondo que, lembremos, toda cooperativa debe dotar por imperativo legal cun mínimo do 10 % do excedente cooperativo. Aínda dispoñemos no Balance de unha dotación de 123 000 € para aplicala a novas actividades no futuro.

A continuación detallamos todas as partidas de gasto previstas para 2022 (destacando en verde as que experimentaron os cambios máis salientables).

Aprovisionamento	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Certificados Garantías de Orixe	675.000	114.180	Os prezos disparáronse de 0,25 a 1,5 €/MWh, o que, engadido a unha maior adquisición de kWh, provoca o incremento.
Software previsión de demanda	45.000	53.334	
Gastos representación de mercado	4.000	75.869	Os desvíos considéranse agora gastos de aprovisionamento de enerxía. Agora inclúese exclusivamente representación de mercado.
Operador do Sistema e de mercado	80.000	84.082	
TOTAL Aprovisionamento	804.000	327.465	

Comúns comer	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Consultas Axesor	1.000	864	
Comisións bancarias	200.000	123.051	Gastos apertura novos empréstitos e créditos.
Servizos Energética	25.000	21.000	Refactúrase ás socias de Energética. Ten unha compensación na partida «outros ingresos».
Software xestión comercial	30.000	20.000	
TOTAL gastos comúns comer	256.000	164.915	

Xestión cobramentos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Recobros extraxudiciais	14.000	2.000	Nova empresa xestión cobros.
TOTAL xestión de cobramentos	14.000	2.000	

Xestión contratos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Servizos Bee Data (Infoenergía)	165.000	163.000	Servizos para apoiar ao fomento do autoconsumo.
Campaña presume da túa enerxía	3.000	9.000	
TOTAL xestión de contratos	168.000	172.000	

Compras Colectivas	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Compras Colectivas	3.000	5.000	
TOTAL compras colectivas	3.000	5.000	

Gastos comúns	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Alugueiro oficinas principais	140.000	95.130	Impacto do remate do teletraballo.
Outros alugueiros	0	5.000	
Reparacións e mantemento	10.000	17.000	
Nova sede	3.000		
Mensaxería e transportes	15.000	7.000	
Servizos de corrección e tradución	45.000	40.000	Segundo mandato da Asemblea, debemos fomentar o uso das 4 linguas oficiais do Estado.
Gastos asesoramento organizativo	0	10.000	
Seguros	40.250	40.250	

Atención a visitas	2.000		
Teléfono oficinas	75.000	33.000	Revisión consumo real experimentado en 2021 por aumento de consultas
Teléfonos e datos individuais	5.000	3.100	
Material de Oficina	15.000	48.000	
Apoio Prox. europeos	5.000		
Consultoría atención clientela	15.000		Modelo de atención telefónica a socias
Signaturit	5.000	12.000	
Servizos de limpeza	15.000		
Axudas de custo e viaxes	25.000	25.000	
TOTAL gastos comúns	415.250	335.480	

Fomento economía social e solidaria	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Pobreza enerxética	14.000	14.000	
Intercooperación	5.400	5.400	
Cotas entidades	32.000	30.000	
Xerminador Social	40.000	40.000	
TOTAL fomento economía social e solidaria	91.400	89.400	

Transición enerxética	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Comunidades Enerxéticas	20.000	20.000	Eixo estratéxico da cooperativa.
TOTAL transición enerxética	20.000	20.000	

Grupos locais	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Grupos locais gastos propios	15.000	22.000	
Encontro Grupos locais	25.000	5.000	Previsión de retorno á presencialidade.
TOTAL grupos locais	40.000	27.000	

Xestión de activos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Servizo de predición de produción	5.000	3.500	
Central xestión activo	1.000	8.000	
Coordinación empresarial riscos laborais	3.000	2.300	Coordinación empresarial riscos laborais
TOTAL xestión de activos	9.000	13.800	

Proxectos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Gastos de promoción de novos proxectos	55.000	35.000	
TOTAL proxectos	55.000	35.000	

Economía e finanzas	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Asesoramento fiscal e financeiro	15.000	7.500	
Auditoría e control	12.060	12.000	
Servizos bancarios	2.321	1.000	
Licenzas e certificados	3.000	2.000	Google: Xestión de correos e nube
Sancións Tributarias	20.000	10.000	Orzamos o histórico que fomos vivindo durante os últimos anos.
TOTAL Economía e finanzas	52.381	32.500	

Comunicación	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Servizos de deseño	3.000	34.300	
Publicidade	6.200	6.800	
Outros gastos comunicación	2.000	1.200	
Audiovisuais e melloras WEB	15.000	30.400	
Flyers	0	0	
Celebracións e RRPP	15.000	30.000	
Plan de comunicación	60.000	0	Asesoría e definición
Administrador de correo electrónico	12.000	8.400	
TOTAL comunicación	113.200	111.100	

Goberno e participación	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Gastos Consello Reitor	35.000	25.000	
Gastos Interventores de contas	1.000	1.000	
Gastos de Xerencia	165.360	40.000	Axuda externa para a mellora de eficiencia de procesos e acompañamento de xerencia.
Gastos Asemblea Xeral	18.000	3.050	
Participación	42.945	24.005	
TOTAL goberno e participación	262.305	93.055	

Servizos Xurídicos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Gastos Notaría	8.000	4.000	
Asesoramento Xurídico Externo	28.000	20.000	
Taxas rexistro	1.600	150	
Gastos procedementos xudiciais e periciais	3.500	1.000	
Gastos xurídicos varios	12.275	2.800	
Gastos compliance penal	6.000	7.500	
TOTAL servizos xurídicos	59.375	35.450	

IT	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Servizos informáticos	400.000	150	Dotación para actualizar aplicativos e programas
Programación Externa	88.000	58.000	
Dominios Som Energia	500	70	
Servidores	168.216	141.200	Aumento de servidores e mellora contrato de mantemento.
TOTAL IT	656.716	199.420	

Laboral	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Xestión laboral	15.075	15.000	
Servizo de prevención de riscos laborais	15.075	15.000	
Comisión de xénero	4.020	4.000	
Gastos encontros estratéxicos anuais	11.055	11.000	
Servizos de selección de persoal	10.000	2.125	
Consultoría RR.HH	0	36.000	Acompañamento busca nova posición de xerencia.
Espazo de encontro	6.000	5.000	
Soporte ET	13.500	0	
Gastos acompañamento desenvolvemento equipo	0	8.000	
TOTAL laboral	74.725	96.125	

Tributos

O crecemento nos tributos que liquidar divídese en dous impactos de signo contrario. O negativo é a taxa de ocupación pública, que medra segundo as vendas de enerxía, e o positivo, a ratificación da supresión do IAE municipal.

A día de hoxe, xa sabemos que o pagamento será unha única cota de carácter estatal, e dun importe moi inferior.

Outro cambio importante é que en 2022 non se prevé realizar ningunha provisión de bono social (pola diferenza entre o bono social ingresado vía facturación e o liquidado ao estado).

Tributos	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Taxa 1,5% ocupación pública	1.909.368	492.548	Taxa 1,5 % sobre venda enerxía
Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética	123.102	102.189	
IAE:	18.383	739.060	Cancelouse o imposto que querían cobrar os concellos.
Bono social		446.647	Cancélanse as partidas de ingreso e gasto
IBI terreos DOMENY	2.000		
TOTAL tributos	2.052.853	1.780.444	

Provisións

Nesta partida contabilízase a previsión de non-pagados que acabarán por supor perdas. Polo xeral, na partida de provisións non se planificaba gasto ningún, xa que a cantidade de impagamentos non era moi elevada e o grao de morosidade definitiva era moi baixo. Porén, o 2020 mudou. A COVID-19 supuxo un antes e un despois, e vivimos por primeira vez un importante crecemento do número de impagados.

É por iso que orzamos 150.000 € en concepto de impagados que poden acabar por ser incobrabeis. No 2021 o importe perdido achegouse a esta cifra. No orzamento do 2021 esta cifra estimouse en 350 000 €.

Outros ingresos de explotación

Dentro doutros ingresos incluimos tres conceptos:

1. Comisións por devolución de recibos: 72.000 euros
2. Subvencións (Rescoop VPP i singulares): 287.150 euros
3. Donativos voluntarios: 750.000 euros

Non existen cambios destacábeis a respecto dos anos anteriores.

Resultado financeiro

Os ingresos financeiros proceden dos xuros que cobramos ás sociedades participadas polos préstamos concedidos a excepción da Sociedad Iniciativas Energéticas Combinadas, onde non existe préstamo e a contraprestación polo investimento realizado é en forma de dividendos.

Os gastos financeiros son a remuneración ás achegas ao capital social voluntario e títulos participativos e, por primeira vez, os xuros que nos cobran as entidades financeiras polas nosas garantías no mercado diario e no mercado de futuros. Este custo, que supón un 0,5 % anual, baséase no argumento de que o Banco Central cobra ás entidades financeiras polos depósitos, dado que os tipos de xuro actuais son negativos. Mentres se manteña esta situación, verémonos obrigados a aboar este novo custo financeiro.

Resultado financeiro	Orzamento 2022	Orzamento 2021	Comentarios
Intereses Sociedades participadas	157.275		Empréstitos internos para financieras
Dividendos Ineco	30.000		Estimación sobre resultado 2021
Intereses capital voluntario	-326.506	-206.500	Estimación extraordinaria de achegas do 2021
Intereses títulos participativos	-4.972	-20.000	
Intereses bancarios	-112.200		Utilización das novas pólizas por tensión caixa
Intereses Renda 4		-18.250	Non se retribúen os saldos positivos. Garantía compra de futuros.
TOTAL Financeiro	-256.402	-244.750	

Conclusión

O de 2022 é un orzamento que prevé un resultado máis elevado ca en exercicios anteriores, pero que, ao mesmo tempo, ten un conxunto de incertezas derivadas do mercado eléctrico nacional e europeo.

Como xa comentamos ao principio, algunhas das hipóteses xa quedaron desfasadas. Neste sentido, a que quedou máis obsoleta é, se cadra, o peche de formularios, que afecta á demanda eléctrica da nosa clientela. Ademais, o prezo de compra da enerxía fai que o importe da «Cifra de negocios» e do «Aprovisionamento» medre moito e que, indirectamente, sexa necesario un importante recurso financeiro para manter un fondo de manobra no tocante á tesourería.